

A stylized illustration of a woman from the waist down, wearing a dress with horizontal green and yellow stripes and a brown sash. The background is a textured yellow. A large, white, calligraphic letter 'P' is overlaid on the left side of the cover.

Natalia
Ginzburg

éxico familiar

Traducción de María Alonso Seisdedos

EDICIÓN

laiovento
LAIOVENTO

Narrativa

Natalia Ginzburg



Natalia Ginzburg, nacida Levi, mais logo adoptou o apelido do seu marido, (Palermo, 14 de xulio de 1916-Roma, 7 de outubro de 1991), escritora, tradutora e política italiana.

Antifascista, ligada a figuras da esquerda intelectual italiana como Cesar Pavese, Italo Calvino, Giulio Einaudi, editor da súa obra, e o seu primeiro marido, Leone Ginzburg, director da Editorial Einaudi, asasinado pola Gestapo en 1943.

Autora de novelas e contos: *La strada che va in città e altri racconti*, *È stato così*, *Tutti i nostri ieri*, *Valentino*, *Sagittario*, *Le voci della sera*, *Caro Michele*, *Famiglia*, *La famiglia Manzoni*, *La città e la casa* e *La strada che va in città*, con Alessandra Tornimparte; e tamén de teatro: *Ti ho sposato per allegria*, *Ti ho sposato per allegria e altre commedie* e *Paese di mare e altre commedie*.

Lessico familiare é a primeira obra, desta grande escritora, que se traduce ao galego.

Advertencia

Lugares, sucesos e persoas son neste libro reais. Non inventei nada. E se algunha vez me deixaba levar polos meus vellos hábitos de novelista e inventaba, sentía decontado o impulso de destruír canto inventara.

Mesmo os nomes son reais. Dado que, durante a escrita deste libro, sentía unha fonda intolerancia a calquera invención, non fun quen de cambiar os nomes verdadeiros, pois parecíanme indisolubles das persoas verdadeiras. Quizais a alguén lle desagrade atoparse así, con nome e apelido, nun libro. Pero a iso non teño nada que retrucar.

Escribín só o que recordaba. Se alguén le este libro como unha crónica, poderá achacarlle que presenta infindas lagoas. Así, por moito que estea tomado da realidade, creo que cómpre lelo como se se tratase dunha novela. É dicir, sen pedirlle nada máis nin nada menos do que unha novela pode dar.

Hai, por outra banda, moitas cousas que recordaba pero calei; entre elas, moitas que me afectaban directamente.

Non tiña moita gana de falar de min. De feito, esta non é a miña historia, senón máis ben, mesmo con baleiros e lagoas, a historia da miña familia. Debo engadir que ao longo da miña infancia e adolescencia tiña en mente sempre escribir un libro que falase das persoas que vivían daquela ao meu redor. Este é, en parte, ese libro. Iso si, só en parte, porque a memoria é lábil e porque os libros que se toman da realidade non son a miúdo senón tenues fáscas e estelas de canto vimos e ouvimos.

Na casa dos meus pais, cando era pequena, na mesa, se eu ou os meus irmáns envorcabamos o vaso no mantel ou nos caía un coitelo ao chan, a voz de meu pai tronaba: «Non me sexades badocos!».

Se faciamos sopas co pan no prebe, berraba: «Non me repañedes nos pratos! Non me fagades zarapalladas! Non me fagades papas!».

Zarapalladas e papas eran para meu pai tamén os cadros modernos, que non soportaba.

Dicía: «Non sabedes estar á mesa! Non se vos pode levar a parte ningunha!».

E dicía: «A vós, con esas zarapalladas que facedes, se estivédes nunha *table d'hôte* en Inglaterra, púñanvos fóra decontado». Tiña por Inglaterra a máis alta estima. Consideraba que era o maior exemplo de civilización no mundo.

Durante o xantar tiña o costume de criticar as persoas que vira ese día. Era moi severo nos seus xuízos e tiña por parvo a todo o mundo. Para el un parvo era un «cimprón». «Pareceume un cimprón», dicía, criticando alguén que acababa de coñecer. Amais dos «cimpróns», estaban os «cafres». Para meu pai un «cafre» era alguén que tiña maneiras bastas, apoucadas e tímidas, que vestía de xeito inadecuado, que non sabía andar pola montaña, que non sabía linguas estranxeiras.

Cada acto ou xesto noso que considerase inadecuado definíao como unha «cafrada». «Non me sexades cafres! Non me fagades cafradas!», berrábanos seguido. A gama das cafradas era ampla. Chamáballe «cafrada» a levar zapatos de cidade nas excursións pola montaña; a trabar conversa, no tren ou pola rúa, cun compañeiro de viaxe ou cun transeúnte; a charlar pola fiestra cos veciños do edificio; a quitar os zapatos no salón e quentar os pés na boca do radiador; a queixarse, nas excursións pola montaña, de sede, cansazo ou bochas nos pés; a levar nas excursións comida cociñada e graxenta e panos de mesa para limpar os dedos.

Ás excursións pola montaña estaba permitido levar só unha clase determinada de alimentos, isto é: queixo fontina, marmelada, peras, ovos cocidos; e só estaba permitido beber té, que preparaba el no fornello de alcol. Inclínaba sobre o fornello a cabeza alongada e adusta de pelo rubio cortado a cepillo e protexía a chama do vento coa aba da chaqueta, unha chaqueta de la ruza, luída e chamuscada nos petos, sempre a mesma nos veraneos na montaña.

Nas excursións non estaba permitido nin coñac nin pedras de azucre, que eran, dicía el, «cousa de cafres». Tampouco estaba permitido parar a merendar nas queixarías, pois era unha cafrada. Tamén era unha cafrada protexer a cabeza do sol cun pano ou cun chapeu de palla, ou gorecerse da chuvia con caparuchas impermeables ou anoar bufandas ao pescozo, proteccións estas que miña nai apreciaba e que, pola mañá antes de saírmos, trataba de introducir na mochila para ela e para nós, mentres meu pai, en canto llas vía nas mans, llas quitaba, alporizado.

Nas excursións, nós cos zapatóns ferrados, grandes, duros e pesados como chumbo, grosas medias de la e pasamontañas, lentes para a neve na fronte, co sol a baternos de cheo na cabeza suada, mirabamos con envexa os «cafres» que subían lixeiros con tenis ou sentaban a comer nata nas mesas das queixarías.

Miña nai, ás excursións pola montaña, chamáballes «a diversión que dá o demo aos fillos», e procuraba quedar sempre na casa, sobre todo se era para xantar fóra, porque lle encantaba, despois da comida, ler o xornal e durmir con todo fechado no sofá.

Os veráns pasabámoslos sempre na montaña. Arrendabamos unha casa para tres meses, de xullo a setembro. Polo xeral, eran casas afastadas das poboacións e meu pai e os meus irmáns ían cada día, coa mochila ás costas, facer a compra á aldea. Non había ningunha clase de divertimento nin distracción. Botabamos a tarde na casa, arredor da mesa, os meus irmáns, eu e miña nai. En canto a meu pai, dedicábase a ler no outro

extremo da casa e, de cando en vez, asomaba pola sala onde nos xuntáramos a charlar e xogar. Asomaba desconfiado, engurrando a fronte, e queixábaselle á miña nai da nosa criada Natalina, que lle descolocara algúns libros. «A túa querida Natalina», dicía. «Unha tola», dicía, sen preocuparse de que a Natalina, na cociña, o ouvise. Claro que a Natalina xa estaba afeitada á frase «a tola da Natalina» e non se ofendía.

Ás veces, polo serán na montaña, meu pai preparábase para as excursións ou escaladas. De xeonllos no chan, untaba graxa de balea nos seus zapatos e nos dos meus irmáns; cría que só el sabía untar aquela graxa nos zapatos. Despois sentíase por toda a casa un estrépito de ferralla: era el a buscar os pitóns, os cravos, os piolets. «Onde me metestes o piolet? –tronaba–. Lidia! Lidia! Onde me escondiches o piolet?».

Saía para as escaladas ás catro da mañá, unhas veces só, outras con guías dos que era amigo, outras cos meus irmáns. Ao día seguinte da escalada estaba, polo cansazo, intratable. Coa cara vermella e inchada pola reverberación do sol no xeo, os labios lañados e sanguinolentos, o nariz barnado cunha pomada amarela que parecía manteiga, o cello na fronte sucada e tempestuosa, quedaba a ler o xornal, sen dar chíio. E abondaba unha lilaina para que estalase nun rauto de cólera terrorífico. Meu pai, ao regreso das escaladas cos meus irmáns, dicía que eran uns «mamalóns» e uns «cafres», e que ningún dos seus fillos herdara a paixón pola montaña; agás o Gino, o máis vello, que era un grande alpinista e que xunto a un amigo acadaba curutos dificilísimos. Do Gino e do amigo meu pai falaba cunha mestura de fachenda e envexa, e dicía que el xa non tiña tantos folgos porque ía vello.